

INSTRUCCIÓN PARA A SOLICITUDE DOS RECOÑECEMENTOS MÉDICOS 2024/2025 DO PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DESTINADO EN CENTROS DOCENTES PÚBLICOS NON UNIVERSITARIOS

Dando cumprimento ao disposto no artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional dispón dun contrato administrativo que ten por obxecto, entre outros, a realización dos recoñecementos médicos do persoal docente e non docente (funcionario e laboral) que presta servizos nos centros docentes públicos non universitarios dela dependentes, na campaña de vixilancia da saúde laboral para o curso 2024/2025.


1.- Inscripción

A inscrición realizarase de forma telemática no formulario de petición de recoñecemento, que está dispoñible na páxina web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no seguinte enlace: <https://revisonmedicaeducacion.xunta.gal>

Neste senso, cómpre realizar as seguintes observacións:

1.1.- A inscrición ten carácter voluntario, polo que se realizará previa solicitude das persoas interesadas. Este procedemento administrativo de solicitude dos recoñecementos médicos iníciase mediante o acceso ao dito enlace e a aceptación das condicións establecidas a estes efectos.

- O acceso á plataforma informática farase a través da conta corporativa de EDU, introducindo o seu correo corporativo no campo conta de usuario/a (nome @edu.xunta.gal), e o seu contrasinal no campo correspondente.





* Neste senso, na Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, pola que se autoriza e ditan instrucións para a difusión da campaña de vixilancia periódica da saúde para as persoas traballadoras, docentes e non docentes, que prestan servizos en centros docentes públicos non universitarios, dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, establécese o procedemento de colaboración dos centros educativos para a inscrición do persoal NON docente.

Se aínda non dispón da conta de correo corporativo necesaria para acceder á plataforma, deberá seguir o procedemento sinalado no parágrafo anterior e igualmente poñerse en contacto coa Unidade de Atención a Centros (UAC) no teléfono indicado (881 99 77 01), aos efectos de solicitala e conseguila **antes de que remate o prazo de inscrición** para os recoñecementos médicos.

- Con respecto da solicitude da cita do recoñecemento médico, disporá das opcións que se indican na imaxe e que deseguido se explican:



.- **Nova Solicitude**: cando a solicita se inicia por vez primeira.

Unha vez acceda á nova solicitude do recoñecemento médico, apareceralle unha pantalla de aceptación de condicións na que se lle explican as mesmas e na que deberá marcar o recadro correspondente para poder continuar.

Neste senso, para que a inscrición sexa correcta, deberá incluír todos os datos que figuren no formulario. A falta dalgún deles impedirá a súa tramitación.

A persoa traballadora poderá escoller na aplicación a forma en que prefire que se lle envíen os resultados do seu recoñecemento médico, de entre as opcións que se poñen a súa disposición:

Enderezo para o envío dos resultados

- Envío ao posto de traballo
- Envío ao enderezo indicado
- Acceso aos resultados do meu recoñecemento vía web, mediante o envío polo SPA(Servizo de Prevención Alleo) das claves de acceso ao correo indicado na solicitude

Igualmente, poderá seleccionar a data de entre as que figuran dispoñibles (as de cor verde claro) e a hora:

Seleccione data ✕

2020

Setembro							Outubro							Novembro							Decembro						
L	M	X	J	V	S	D	L	M	X	J	V	S	D	L	M	X	J	V	S	D	L	M	X	J	V	S	D
7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27
28	29	30					26	27	28	29	30	31		23	24	25	26	27	28	29	28	29	30	31			
														30													

2021

Xaneiro							Febreiro							Marzo							Abril						
L	M	X	J	V	S	D	L	M	X	J	V	S	D	L	M	X	J	V	S	D	L	M	X	J	V	S	D
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5	6	7	5	6	7	8	9	10	11
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	8	9	10	11	12	13	14	12	13	14	15	16	17	18
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	15	16	17	18	19	20	21	19	20	21	22	23	24	25
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	22	23	24	25	26	27	28	26	27	28	29	30		
25	26	27	28	29	30	31								29	30	31											

Maio							Xuño							Xullo						
L	M	X	J	V	S	D	L	M	X	J	V	S	D	L	M	X	J	V	S	D
					1	2	1	2	3	4	5	6	1	2	3	4	5	6		
3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11
10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18
17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25
24	25	26	27	28	29	30	28	29	30					26	27	28	29	30	31	
31																				

Lenda

Día dispoñible

Día seleccionado

Festivo nacional

Festivo autonómico

Festivo local

Hora *

▼

08:00

08:15

08:30

08:45

09:00

09:15

09:30

09:45

10:00

10:15

10:30

10:45

11:00

11:15

11:30

11:45

12:00

↓ Aceptar



.- Modificar a súa solicitude:

- Poderá facelo accedendo a plataforma da mesma maneira que cando a solicitou, e pinchando nesta opción.
- **Só poderá modificala unha vez, e sempre que se faga antes dos cinco (5) días naturais previos á data da cita primeiramente escollida.**
- Unicamente poderán modificarse os seguintes datos da solicitude: provincia, concello e centro, ademais da data e hora.

.- Anular a súa solicitude:

A anulación da cita implica a **renuncia ao dereito de realizar o recoñecemento nesta campaña**, e para isto é necesario que marque o cadro correspondente antes de confirmar a anulación.


Datos da anulación da solicitude

O/A solicitante manifesta que coa anulación desta solicitude RENUNCIA a efectuar o recoñecemento médico. Isto quere dicir que vostede non poderá volver a solicitar unha cita para realizar o recoñecemento médico durante a campaña vixente, sen prexuízo de que si o poida realizar en futuras campañas.

ANULAR E RENUNCIAR *

Volver

↓ Aceptar





.- Consultar a súa solicitude:

Pódense consultar os datos desta, así como do propio xustificante que ten que imprimir ao finalizala. Se non o imprime nese momento pódese facer posteriormente accedendo a esta opción tamén.

1.2.- Toda inscrición xerará un **xustificante de consentimento** que se deberá imprimir e presentar o día escollido para realizar a analítica. A súa copia servirlle de xustificante para presentar ante a Dirección do centro aos efectos de xustificar documentalmente o tempo de ausencia.

Alta de solicitude

[🏠](#) > [DATOS DO/A SOLICITANTE](#) > [ACEPTACIÓN CONDICIÓNS](#) > [SOLICITUDE](#)

Datos do/a Solicitante

Cita creada con éxito. Debe imprimir o Xustificante e entregalo no momento de realizar el recoñecemento médico. Se necesita modificar a cita, poderá facelo do mesmo xeito que a solicitou (ata 5 días antes da data da cita)

[📄 Imprimir o xustificante](#)

1.3.- O **prazo de inscrición** é o que figura na Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se autoriza a difusión da campaña de vixilancia periódica da saúde para o persoal docente e non docente destinado en centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para o curso académico 2024/2025.

2.- Citacións:

2.1.- O recoñecemento médico consta das seguintes probas:

- 1) Analítica e recollida de mostras
- 2) Revisión Médica
- 3) Proba Específica: Revisión xinecolóxica e Control do PSA

1) Con respecto da cita para a analítica e recollida de mostras.-

A plataforma informática garantiralles ás persoas traballadoras solicitantes que no momento do rexistro da súa solicitude poidan escoller o lugar, data e hora para a cita da analítica e a recollida de mostras, e obter en liña un resgardo acreditativo desta inscrición, con indicación da dita data, lugar e hora escollidas, nas que terá que presentarse en xaxún para a súa realización (analítica) e recollida (mostras).

2) No que atinxe á revisión médica.-

As persoas traballadoras, o día da realización da analítica e toma de mostras e unha vez realizada esta, acordarán co servizo de prevención alleo na especialidade de medicina, CUALTIS SLU, o lugar, a data e a hora para a realización da revisión médica así como a realización da proba específica (xinecolóxica ou control do PSA), de selo caso, de entre as opcións que o referido servizo médico lle poña a súa disposición.

Realizada a revisión médica e a proba específica, de selo caso, o servizo de prevención alleo na especialidade de medicina facilitará, a quen así o solicite, un xustificante aos efectos de acreditar o dito tempo de ausencia no traballo.

3) Con relación á Proba específica: Revisión xinecolóxica, Control do PSA.-

Para a realización do *recoñecemento específico* (revisión xinecolóxica no caso das mulleres e control do PSA no suposto que proceda para o caso dos homes), *terá que solicitarse expresamente e así indicalo no recadro correspondente no momento da solicitude inicial do recoñecemento médico na aplicación.*

Datos do posto de traballo

Consellería * <input type="text" value="EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL"/>	Docente/Non docente * <input type="text" value="Elixa docente ou non docente"/>
Centro de traballo (Tipo e nome do centro de traballo) * <input type="text" value="Centro de traballo"/>	Domicilio * <input type="text" value="Domicilio"/>
Código postal * <input type="text" value="Código postal"/>	Provincia * <input type="text" value="Elixa unha provincia"/>
Localidade * <input type="text" value="Elixa unha provincia primeiro"/>	Tipo de posto de traballo * <input type="text" value="Elixa o tipo de posto de traballo do solicitante"/>

Enderezo para o envío dos resultados

- Envío ao posto de traballo
- Envío ao enderezo indicado
- Acceso aos resultados do meu recoñecemento vía web, mediante o envío polo SPA(Servizo de Prevención Alleo) das claves de acceso ao correo indicado na solicitude

Recoñecemento específico

Solicitar recoñecemento específico *

Escolla unha opción

- Non solicito recoñecemento específico
- Solicito recoñecemento específico

Provincia na que desexa facer a analítica *

Localidade na que facer a analítica *

Centro de recoñecemento médico para a analítica *

Solicitar cita para o recoñecemento *



Deberase elixir nese recadro: “Solicito o recoñecemento específico” ou “Non solicito o recoñecemento específico”. Pois isto logo **non** se pode modificar.

Proba específica para mulleres: Revisión xinecolóxica para todas as traballadoras que o soliciten expresamente; incluírá a realización de citoloxía, ecografías vaxinais, e mamografía para ás traballadoras menores de 50 anos, agás que calquera destas probas se xulgue innecesaria a criterio do facultativo ou por desexo expreso da traballadora recoñecida.

Proba específica para homes: Control do antíxeno prostático (PSA) en homes maiores de 50 anos que o soliciten expresamente; ou en homes de entre 45 e 50 anos que teñan antecedentes familiares e que o soliciten expresamente.

A xestión, así como a modificación das citas para a revisión médica e a revisión xinecolóxica, serán por conta do servizo de prevención alleo da especialidade da medicina, CUALTIS SLU.

2.2.- Outras cuestións relevantes:

➤ Recórdase a obrigatoriedade previa da realización da toma de mostras e analíticas para poder realizar o resto das probas.

➤ A falta de asistencia á analítica, sen causa de forza maior debidamente xustificada ante a unidade de Prevención de Riscos Laborais da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional implicará que a persoa traballadora renuncia voluntariamente ao recoñecemento médico para este curso escolar.

3.- Resultados e entrega dos informes:

Os resultados, formalizados nun protocolo e subscritos polo persoal facultativo que realizou o recoñecemento, terán carácter persoal e reservado, polo que a súa entrega farase respectando este carácter e garantindo a súa confidencialidade, de acordo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente aplicable.

A dita entrega levarase a cabo polo servizo de prevención alleo na especialidade de medicina no enderezo do lugar de entrega sinalado na solicitude (tal e como se sinala no apartado “nova solicitude” destas instrucións).

Tamén poderá optarse pola descarga destes mediante a ferramenta informática que o referido servizo poñerá a súa disposición, para o cal, esta deberá enviarlle un código de seguridade de acceso (usuario e contrasinal), coas indicacións pertinentes, ao correo corporativo EDU de acceso.



A entidade responsable do tratamento, custodia e transmisión da categoría especial de datos (datos médicos) resultantes deste procedemento de vixilancia da saúde é o servizo de prevención alleo na especialidade de medicina (CUALTIS S.L.U).

4.- Incidencias e Información:

➤ Para a solución de cuestións técnicas sobre o acceso, o funcionamento da aplicación ou calquera outra desta natureza, terá que contactar coa UAC no teléfono ou no correo electrónico seguintes:

881 997 701 / uac@edu.xunta.gal

➤ A persoa de contacto que o servizo de prevención alleo na especialidade de medicina pon a disposición para as cuestións que puideran xurdir durante a campaña será:

Eva Saleta Barral: emsaletab@cualtis.com / 981 255 277

➤ Do mesmo xeito, se precisara información adicional, tamén dispón do persoal da unidade de Prevención de Riscos Laborais da Consellería, nos datos de contacto que de seguido se sinalan (en horario de atención ao público de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres):

881 99 59 92– 981 95 77 94 / servizodeprevencion@edu.xunta.gal

5.- Contido mínimo dos exames de saúde (Exame de saúde laboral básico)

1. Historia clínico laboral:

- Antecedentes familiares de interese.
- Antecedentes persoais:
 - Alteracións do sistema endócrino.
 - Enfermidades cardiovasculares e alteracións do sistema circulatorio.
 - Enfermidades respiratorias.
 - Alteracións neurolóxicas: perdas de coñecemento, vertixe, convulsións, etc.
 - Alteracións músculo-esqueléticas.
 - Alteracións sensoriais.
 - Alteracións hematolóxicas.
 - Hábitos tóxicos.
 - Alerxias.



- Inmunizacións.
- Outros.

- Estado de saúde actual:
 - Medicación ou tratamento actual.
 - Hábitos tóxicos.
 - Valoración do estado mental.
 - Actividades en tempo de ocio.
 - Outros.

- Historia Laboral:
 - Antecedentes laborais. Posto de traballo, período e riscos específicos.
 - Posto de traballo actual e riscos inherentes ao posto.

1. Exploración xeral:

- Datos biométricos: peso, talla e IMC.

- Exploración física: ollos, oídos, nariz, pel, pescozo, abdome, tórax, cavidade orofarínxea, aparello locomotor, sistema nervioso, sistema osteomuscular específico (columna, pulso/man, xeonllos).

- Exploracións complementarias: electrocardiograma, espirometría, audiometría, control da visión.

2. Outras exploracións:

- Cuestionarios e exploracións recollidas nos protocolos de vixilancia da saúde establecidos polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social.

- Proba ou recoñecemento específico para mulleres: Revisión xinecolóxica para todas as traballadoras que o soliciten expresamente, que incluírá a realización de citoloxías e ecografías vaxinais, e mamografías para as traballadoras de idade igual ou menor a 50 anos, agás que calquera destas probas se xulgue innecesaria a criterio do facultativo que interveña ou por desexo expreso da traballadora recoñecida.

- Proba ou recoñecemento específico para homes: Control do antíxeno prostático (PSA) en homes maiores de 50 anos que o soliciten expresamente; ou en homes de entre 45 e 50 anos que teñan antecedentes familiares e que o soliciten expresamente.



1. Control biolóxico

As analíticas, con independencia das especificacións concretas que haberán de engadirse para determinados postos de traballo en función dos protocolos médicos de aplicación en cada caso, deberán conter como mínimo, en todos os postos de traballo:

Sangue:

1. Hematoloxía: Hemograma completo (hematíes, hematocrito, hemoglobina, VCM, HCM, CHCM, leucocitos, fórmula leucocitaria e plaquetas)
2. Velocidade de Sedimentación Globular (VSG)
3. Bioquímica: Glucosa, Ácido Úrico, Colesterol Total- HDL y LDL, Triglicéridos, Creatinina, Urea, Transaminasas (GOT, GPT y GGT), Ferro, Ferritina, Fosfatasa alcalina e PSA (valores de antíxenos prostáticos en varóns maiores de 45 (46 anos no momento da solicitude) con antecedentes familiares que así solicitasen esta proba).

Ouriños:

- Análise xeral de ouriños.

*** Lembre que se esixe a obrigatoriedade en todas as probas analíticas para poder proceder ao resto das probas médicas.**